

## A MAREA SECTORIAL DE EDUCACIÓN APOIA ÁS ANPAS E AO PROFESORADO DOS CENTROS EDUCATIVOS QUE POÑEN DE MANIFESTO A PROBLEMÁTICA ACTUAL PARA O INICIO DO CURSO ESCOLAR CON NORMALIDADE

Aínda que o Conselleiro de Educación, o Sr. Román Rodríguez, anunciou un ano máis un comezo de curso sen incidencias, a realidade é que nos últimos anos, en cada comezo do novo curso, véñense repetindo as mesmas situacións: recortes en profesorado, peche de módulos, incremento do alumnado por aula..., en resumo, unha constante desarticulación da educación pública, co peche de centros e coa redución de medios, mentres se segue a incrementar a financiamento dos centros concertados.

O caso do IES de Brión (A Coruña) é un exemplo de como a comunidade educativa en pleno, dende a ANPA, equipo directivo, profesado e alumnado, vense na obriga de paralizar o comezo do curso pola falta de profesorado, feito que leva ao centro a eliminar o programa de “mellora da aprendizaxe e do rendemento” (PMAR), dirixido ao alumnado con necesidades educativas especiais e á redución das asignaturas optativas do Bacharelato.

No presente curso aumentaron as matrículas do alumnado, polo que o centro precisa de tres profesionais máis e dun sobreesforzo do equipo directivo, que tería que facerse cargo de tarefas que non asumen outros centros para manter unha calidade educativa á que teñen dereito todos os centros. Dende a Xunta de Galicia néganse a incrementar o número de profesionais que cubran as necesidades mínimas do IES.

Na Asemblea levada a cabo na tarde do xoves 21 de setembro, a ANPA e o claustro do IES de Brión acordaron continuar coas medidas de “aulas baleiras” e o encerro no centro ante a falta de resposta da Consellería, que se nega a implementar as medidas necesarias para resolver o problema.

Para o venres 28 de setembro, teñen convocada unha manifestación en Santiago de Compostela, unha manifestación que apoiamos dende a Marea Sectorial de Educación de En Marea. Namentres, seguirán tentando chegar a un acordo co Conselleiro para acadar unha resposta que dea solución a este problema.

A situación acaecida no IES de Brión é un exemplo do que está a pasar en moitos outros centros das catro provincias galegas, onde se están denunciando problemas similares e numerosas irregularidades dende o comezo do curso.

Dende a Marea Sectorial de Educación de En Marea manifestamos o noso apoio ás ANPAS e ao profesorado, e denunciámos que o goberno do PP do Sr. Feijoo segue a folla de ruta marcada polos recortes e a precariedade da educación pública galega, así como o fomento da privatización da ensinanza.